

Tarefas recomendadas de Galego 3ºB E.P.

- Mirade fotos de familia e recordade acontecementos familiares do pasado; logo, escolle unha foto dalgún familiar e descríbeo en, máis ou menos, oito pautas.
- Describe o animal que ti queiras empregando todos estes adxectivos (groso, longo, robusto, redondo, arrugado, velliño, curto, suave, delgado, brillante, simpático).
- Escribe o artigo adecuado diante de cada un destes nomes: amigos, estudo, raíña, ras, pelotas, persoas, escala, mirador, altofalante.
- Completa as frases con (o, do, os, ás, pombas, autobús, domingos, prato):
 - Xoán coloca o pano de mesa na lado dereito
 - ... saímos merendar chocolate con filloas.
 - ... de liña que vai a Santiago sempre vai cheo.
 - Ao meu gatiño Rufo gústalle asustar
- Forma tres familias de palabras coas seguintes: reforzar, bruxa, fiadora, fio, forzado, embruxar, forza, bruxaría, enfiar, bruxiño, desfiar, esforzarse.
- Escribe palabras da familia de xoia e de coser.

Explicación:

- Os verbos son palabras que indican o que fan as persoas, os animais ou as cousas. Expresan accións e sucesos.
- O infinitivo identifica e dálle nome ao verbo.
 - 1ª conxugación: o infinitivo remata en -ar. Ex.: nadar.
 - 2ª conxugación: o infinitivo remata en -er. Ex.: ver.
 - 3ª conxugación: o infinitivo remata en -ir. Ex.: vivir.

- Relaciona:

Os paxaros	recenden.
O sol	fala.
A xente	quenta.
A banda	inventa.
O Leoncio	rechouchián.
As flores	toca.
- Escribe cinco accións que fas na casa e outras cinco que fas na escola.
- Clasifica estes verbos segundo pertencen á 1ª, 2ª ou 3ª conxugación.
 - Beber, escribir, berrar, lembrar, falar, ler, caer, voar, disparar, facer, tocar.
- Clasifica as seguintes accións (verbos) que mellor lle acaian a un/unha taxista ou unha/un

electricista: acelerar, conectar, frear, pitar, soldar, enchufar, instalar, conducir, aparcar, adiantar, arranxar, cortar, fundir, retroceder, fincar.

Explicación:

- Escríbense con **b** os verbos rematados en -bir e -buír, agás servir, vivir e vir.
- Completa con b ou v:
 - Ser___iu un vaso de leite con galletas.
 - Un bo escritor no pode vi___ir sen escri___ir.
 - Reci___iu un premio pola súa traxectoria.
 - A empresa distri___uíu pedidos en todas as cidades.
 - Non sa___e ___ir por outro camiño.
- Escribe os verbos correspondentes a estas definicións:
 - Representar palabras, números, sons, expresións ou ideas por medio de signos gráficos.
 - Definir ou representar as características ou trazos particulares dunha paisaxe, dunha persoa ou dun animal por medio da lingua.
 - Mostrar ou representar ao público ou en público.
 - Mandar que non se use ou non se faga algo.
 - Pasar a ter unha persoa aquilo que se lle ofrece ou se lle envía.
 - Sinónimo de ascender.

Explicación:

- Os grupos de palabras que están relacionadas polo seu significado forman un **campo semántico**.
 - Exemplo:
 - Campo semántico de vías de comunicación: estrada, autovía, autoestrada, rúa,...
- Clasifica as seguintes palabras nos campos semánticos de pezas musicais ou lambetadas:
 - alboradas, pasodobres, bombóns, alalás, pasarrúas, muiñeiras, melindres, pandeiradas, rosquillas, tortas, caramelos, roscóns.
- Escribe o nome de seis obxectos de aseo e seis de pezas de roupa.
- Escribe o nome de seis xogos e seis electrodomésticos.
- Escribe palabras do campo semántico do Entroido.

Explicación:

- **Descrición de obxectos:** debemos dicir como son (a forma, a cor, o tamaño, o peso, a utilidade, o material co que están feitos,...) e resaltar as súas calidades.
- Nas descricións de obxectos, podes dicir o que hai na parte superior, logo no medio e, ao final, o que hai debaixo.
 - Exemplo, descrición dun coche de bombeiros:
 - Vehículo de catro rodas e motor, equipado con manguera, escaleira e todas as ferramentas necesarias para que os bombeiros poidan desprazarse e facer o seu traballo.
- **Descrición de lugares:** debemos dicir onde se atopan, como son, que cousas hai neles, que se fai neles, quen os habita,... e resaltar as súas calidades.
- Nas descricións de lugares, podes escribir o que ves máis preto, logo o que hai no medio e, por último o que aprecies ao lonxe.
 - Exemplo, descrición dunha paisaxe:
 - A paisaxe que estou a ver é marítima; na parte dereita pódese ver unha pequena vila moi tranquila con casiñas baixas e todas brancas. Ao redor da vila hai un montes cubertos de verdes pradeiras e verdes piñeirais. Na parte esquerda aparece o mar dunha cor azul escura, no que vemos unhas pequenas ondas que se volven brancas ao chegaren ás rochas. O ceo está gris, pero non chove.

- Describe a roupa que levas en, máis ou menos, 5 pautas.
- Describe a paisaxes dalgún cadro ou foto que teñas na casa en, máis ou menos, 8 pautas.
- Describe o obxecto decorativo que máis che guste da casa en, máis ou menos, 5 pautas.
- Describe o teu salón en, máis ou menos, 8 pautas.
- Xoga coa túa familia ao “Que é que?” con obxectos da casa. Recordade que a persoa que pensa o obxecto só pode responder si ou non ás preguntas que lle fagan os demais.
- Elix 4 obxectos da túa habitación e escribe tres características de cada un deles.
- Dille a un familiar que che describa unha paisaxe, anota o que che di e logo fai e colorear un debuxo desa paisaxe nun folio.
- Copia estas oracións e rodea os verbos que atopas:
 - Eles esperan o autobús do colexio.
 - Iago xoga ás bólas con Quique.
 - O cadelo roe un óso no seu canil.

- Nós escribimos un conto moi divertido.
- O carnicero corta as costeletas.
- Estiven toda a tarde co meu avó.
- Non tes nin idea!
- Saístes cedo da reunión.
- Escribe o infinitivo dos verbos que arrodeaches na actividade anterior e clasifícaos segundo a súa conxugación.
- Relaciona cada nome co verbo axeitado:

avión	ler
libro	pintar
toalla	enviar
planta	voar
carta	subir
ascensor	duchar
cadro	regar
- Completa con tres palabras máis estes campos semánticos:
 - garfo, coitelo, ...
 - neve, sarabia, ...
 - avión, coche, ...
 - colar, anel, ...
 - violeta, vermello, ...
 - avó, tía, ...
- Ditado:
 - Saímos á horta. O avó estaba sentado na hamaca lendo o xornal de hoxe que dicía: “No hospital hai varios casos de hepatitis”. Díxolle a Roberto se quería regar as hortalizas.
Así, mentres Roberto regaba, eu cortei unhas poucas hortensias para facer un bonito ramo.
- Escribe unha frase con cada un destes verbos (podes empregar formas verbais en presente, pasado ou futuro): substituír, atribuír, distribuír, contribuír, escribir, subir, recibir, prohibir, exhibir, servir, vivir, vir.
- Escribe seis palabras de cada campo semántico: flores, deportes, medios de comunicación, profesións, mobles, xoguetes, árbores.
- Completa con b ou v:

- A anciá so___e as escaleiras con lentitude. Na súa xu___entude vi___iu en Suíza. Foi alí traballar e esti___o ser___indo nunha luxosa mansión.
- Despois, escoitou o bur___ullar do guiso fer___endo no lume. Paseou coa súa familia e incluso perci___ía o aroma das laranxeiras en flor.
- Escribe todo o que fas ultimamente desde que te ergues da cama ata que te volves deitar. Logo rodea os verbos, escribe o seu infinitivo e clasifícaos segundo pertencen á 1ª, á 2ª ou á 3ª conxugación.
- Clasifica estes verbos segundo sexan infinitivos ou non: querer, expresan, vivir, agradaban, saír, durmiremos, camiñade, acompañar, perder, fan, pintan, escribirían, gramparan, beber, estudaremos, peitear, rubirán, artellar, subliñan, dirixir, pendurar, van.
- Clasifica os verbos en infinitivo da actividade anterior en 1ª, 2ª ou 3ª conxugación.
- Completa estas frases coa letra axeitada:
 - No restaurante ser___ían o mellor boga___ante do país.
 - María entra___a os luns no teatro musical e canta___a a pleno pulmón.
 - Cando chega___a á casa, Pablo sempre escri___ía un pouco no diario.
- Que quere dicir que dúas palabras forman parte do mesmo campo semántico? Por tres exemplos.